

Opinión Hoxe

TEMPUS FUGIT

Gelman entre nós



PEDRO
RIELO

En toda a obra do escritor arxentino latexan dúas pulsacións: o exilio e a memoria. Conviven as dúas nun vencello case parasitario. Viven un do outro. No caso de Juan Gelman hai razóns para non esquecer os seres queridos, aqueles arrebatados por unha ditadura que causou tanta dor. O seu fillo, Marcelo, e súa nora, que estaba embarazada, foron asasinados. Ese feito marcouno a fogo como persoa deixando unhas feridas para as que non hai cura.

A dor polas ausencias é como viaxar só nun barco sen pasaxeiros.

As presenzas queridas, arreboladas, non van chamar á porta da casa nin virán coller a chaqueta que pendura do armario. Pensarás que esa persoa é a que ves detrás da ventá dun autobús pero chove e a chuvia alimenta a confusión, engana a vista con ensoñacións líquidas. O porteño que foi designado pola Asociación de Escritores en Língua Galega como galego universal continúa trazando, unha vez máis, a conexión atlántica a través da cultura. Todo o que lles aconteceu aos arxentinos vivímolos moi de preto, non só polos vencellos da emigración, senón por certo paralelismo histórico e porque a dor polo perdido é un sentimento universal sen fendas.

A poesía non cura, axuda porque é unha necesidade, un xeito de ir recompoñendo cada recanto habitado. O escritor ten diferentes vi-

A poesía non cura, axuda porque é unha necesidade

das; en cada cidade na que ergueu unha casa, desde Roma ata México, foi quedando a patria acubillada nas lembranzas máis fondas. Desde 1976, co golpe de Videla, deixou o seu país, talvez porque non quería que se escachizase a xerme do lugar no que viviu, coas súas paisaxes, pero, sobre todo, coas persoas. Nunca esqueceu o acontecido, o seu testemuño representa un xeito de resistencia que segue levando ás costas aos seus oitenta anos e do que dá conta no seu último libro, *Bajo lluvia ajena*: “No debiera arrancarse a

la gente de su tierra o país, no a la fuerza./ La gente queda dolorida, la tierra queda dolorida”.

Incansable buscador da verdade e dese aloumiño tan necesario porque “a poesía é unha árbore sen follas que dá sombra”. A súa poesía nunca abandonou o compromiso do cidadán, pero hai unha clara evolución desde os tempos nos que formou parte do grupo El pan duro, onde soñaban cun mundo de igualdade, ata unha poesía máis íntima que nunca cesa en denunciar os muros que cercaron o seu país. Pero queda o pouso polo perdido, non só por causas dolorosas, violentas; o exilio, a melancolía e a sensación dunha vida roubada nunca desaparecen. No Día do Libro as palabras rescátannos para acompañarnos nunha travesía con moitas turbulencias. ¡Longa vida á poesía! ●